Crítica

Clave Orión

m.v.v.

Preciosa esta nova saída de *Clave Orión* correspondente ó numero VII-VII, en homenaxe a Uxío Novoneyra e Manuel María. É poesía galega actual, da digna e sempre delicada man de Luz Pozo Garza, con traballos tan recoñecidos como os de Claudio Rodríguez Fer, María Lopo, Manuel María, X.M. Álvarez Cáccamo, Dana Mónica, Xavier Rodríguez Baixeras, entre outros, e quen esta recensión asina.

Conmove, ó meu sentir, ese poema do Manuel ó benquerido Uxío: "Naquel lonxano tempo nós andabamos/a estrenar conciencia e ilusión/feridos por Galicia para sempre/e, anque padecemos anos tráxicos,/ viles, brutales e miserentos/non nos domesticaron: resistimos".

Clave Orión, tal vez filla de *Nordés*, con sentidas ilustracións da directora, Manuel Álvarez Torneiro, Andrés Pociña e Lugrís, é, arestora, unha fermosa singradura do poético e Galicia, duascentas cinco páxinas ó coidado de Natalia Regueiro e Luís Alonso Girgado, unha delicia, máis que se cadra, para a impenitencia do tempo e da historia. Álvarez Torneiro escribe: "Pasamos polos mundo cunhas poucas palabras". "Palabras contra os arcos da morte/e o seu saqueo".

Ademais, Domínguez Alberte fai unha lectura entrañable e severa de *Pensa nao*, de Anxo Angueira.

Luz Pozo Garza.